

“O MEU NOME É NINGUÉN”

Das palabras de Manuel Estebán nesa tardiña de xoves lévome a aprendizaxe oculta en cada máis sinxela cita, deberían denominar ó autor como experto de aperturas de ollos ou concederlle, mínimo, un doutoramento no mesmo ámbito.

Falando sobre o libro, o que produciu a miña sorpresa foi a complexidade dentro da súa aparente sinxeleza, explícome, o argumento da historia non é difícil, ten algún xiro na trama, pero a novela non se caracteriza por iso. O complexo agóchase en cada verba do inspector, en todas as denuncias sociais disimuladas ou non disimuladas, na mensaxe e na crueza, que non é tal, que en realidade non deixa de ser humanidade pura, sen alterar, tan de verdade que cada frase retíralle un pouco máis de osíxeno aos nosos pulmóns.

Outro punto a tratar é o protagonista; a moitos dos tertulianos non lle gustou, pola contra a min encantoume, e segue a facelo. Carlos é un personaxe moi ben feito, coherente cos seus principios durante toda a obra. É un home moi profundo, as súas divagacións e cavilacións están presentes en tódalas follas do libro. Nós vemos o que el ve a través dos seus ollos, da súa visión escura que a propia vida lle deu acerca da vida. Na páxina 246 hai unha frase, “Todos estamos feitos de cicatrices e de soños” e despois afirma que hai distintos tipos de persoas, clasificadas pola profundidade das súas feridas e do tempo que estas tardan en sandar se algunha vez chegan a facelo. Paga a pena ler o libro completo só por esa folla.

Os temas que toca a novela son bastante sensibles e, por suposto, espinosos. A pederastia, neste caso da Igrexa; a discapacidade e o precaria que pode chegar a ser a vida desas persoas; a soidade na terceira idade; a crenza en Deus; a familia... Non sei se esquecín algún. A conclusión, en si deste parágrafo é a amplitude de temas que trata. Polo que é unha lectura moi proveitosa para reflexionar sobre asuntos que están na orde do día.

Acerca da tertulia, no debate entre o alumnado centráronse na vinganza e se é bo tomala pola man. Dende o meu punto de vista malgastaron a oportunidade de falar sobre temas menos habituais e moito máis interesantes.

Eu quedo con que somos circunstancias como afirmou Ortega y Gasset, con que a soidade está composta por palabras que teñen sangue nas unllas de tanto rañar por saír, con que todos acabamos chegando onde agardan por nós e con que a determinación debe estar por riba do fracaso para afrontar calquera loita.

Eva Cid Rivas